



**ASUNTO:** INFORME DE VALORACIÓN DAS OFERTA TÉCNICAS PRESENTADAS O PROCEDEMENTO ABERTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO Expediente 839/441

**DESTINATARIO:** MESA DE CONTRATACIÓN – CONCELLO DE VIGO

**I.- ANTECEDENTES:**

1º.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.10.2021 acordou aprobar a contratación e abrir o procedemento de licitación, a través de procedemento aberto, da coordinación de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

2º.- A Mesa de Contratación, por unanimidade, solicitar informe do Servizo xestor en relación co sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” establecendo un prazo de 10 días para a emisión do informe.

3º.- En data 9 de novembro de 2021, o xefe administrativo e de control orzamentario da área de Fomento, da traslado da documentación referente os criterios avaliable mediante xuízo de valor, para informe, os compoñentes do "comité de expertos", que regula o apartado 7,C das FEC e que está composto por:

- Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.
- Begoña Arranz González, xefa do Servizo de Electromecánicos e Eficiencia Enerxética
- María del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral.

**II.- DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES**

As persoas asinantes do presente informe declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 03/03/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

**III.- DESENVOLVEMENTO DO INFORME DE VALORACIÓN:**

**1º.- OFERTAS ACEPTADAS POLA MESA DE CONTRATACIÓN**

A mesa de contratación celebrada o 28 de outubro 2021, realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación do presente expediente, resultando admitidas as seguintes empresas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 1 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
2. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.
3. ATENEA, S.A.U.
4. INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.
5. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

**2º.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:**

Para a valoración das ofertas técnicas procede a realización do seguinte informe atendendo os criterios definidos nos apartado 6.A e 7.A, das FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC), que contén o PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES aprobado pola Xunta de Goberno Local, e que se indican a continuación:

**A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:**

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de “**PT= PT1+PT2=100 PUNTOS**” e un coeficiente de ponderación “**A=60**”.

A puntuación distribuirase nos seguintes criterios:

**A.1.- MEMORIA TÉCNICA: valorarse con ata 60 puntos (PT1)**

O licitador presentará unha memoria técnica que expoña a proposta de contidos, o desenvolvemento dos traballos a realizar e metodoloxía a empregar durante a execución dos servizos para a execución segura das operacións que integran as distintas fases do traballo, así como a planificación e organización dos traballos en función dos medios humanos e materiais que se achegan, de xeito que se poida coñecer o alcance dos traballos e se demostre coñecemento da problemática do traballo a realizar. Desenvolverá os seguintes aspectos:

- a) Análise do ámbito de actuación e dos condicionantes da execución dos traballos e do contorno, con incidencia na coordinación da seguridade e saúde, que afecten ao seu desenvolvemento: valorarse con ata 30 puntos.
- b) Proposta dos procedementos de traballo e de xestión documental a realizar para a coordinación da seguridade e saúde durante a execución das obras, planificación e organización destes en relación cos medios necesarios para a execución do contrato: valorarse con ata 30 puntos.

Todas as indicacións para o desenvolvemento desta memoria deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto. Deberá achegarse información gráfica adecuada á peculiaridade específica de cada apartado da memoria.

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 2 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



circunstancias:

- O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos
- A xustificación da metodoloxía utilizada
- A precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes

Da avaliación destes aspectos procederáse á asignación da puntuación en cada un dos apartados, outorgándose a maior puntuación do apartado a avaliar á que se considere que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación

**A.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:** valorarase con ata **40 puntos (PT2)**

O licitador presentará unha memoria descritiva que recolla un organigrama que conteña a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ó contrato, así como indicación da experiencia, cualificación e formación do equipo humano a adscribir a execución do contrato.

Este apartado incluírá a descrición da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación. Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias do obxecto do contrato, valorándose a alta experiencia acreditada en traballos similares así como a cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción ao servizo dos profesionais que vaian intervir.

A puntuación para este apartado asignarase tendo en conta as seguintes circunstancias:

- A adaptación do equipo ao obxecto do contrato
- A concreción de todos e cada un dos traballos a realizar polos membros do equipo
- A experiencia acreditada en proxectos de similares características
- A cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar
- Organización adecuada do equipo humano a intervir no traballo

Da avaliación destes aspectos procederáse á asignación da puntuación, para o cal se outorgará a maior puntuación do criterio a avaliar á que se considere que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

**REGRAS DE VALORACIÓN:**

1a.- En primeiro lugar, procederáse á valoración técnica das proposicións relativas aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 3 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, co obxecto de avaliar a súa calidade técnica. Para estes efectos consideraranse:

a) Ofertas con calidade técnica inadecuada: as que non acaden o umbral mínimo de puntuación fixado nun 50 % da puntuación máxima fixada para estes criterios.

b) Ofertas con calidade técnica suficiente: as que igualem ou superen o umbral mínimo de puntuación fixado.

As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.

Non se terá en conta nesta fase os descontos de puntuación por incumprimento dos requisitos formais de presentación das proposicións.

2a.- A continuación, procederase a comprobar se as ofertas con calidade técnica suficiente cumpren cos requisitos formais de presentación das proposicións, e de non ser así, procederase a efectuar os seguintes descontos, aplicables tanto á memoria técnica como á memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato:

- cando a documentación do criterio non cumpra cos requisitos de tamaño máximo de arquivo, formato das páxinas, número de páxinas ou arquivo único, descontarase o 30% da puntuación asignada ao correspondente criterio.

### **3º.- REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR:**

De acordo co apartado 6.A das FEC, establécense os seguintes requisitos para a presentación da documentación destes criterios:

CONTIDO SOBRE B:

Incluirá a Memoria técnica e a Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato, co contido descrito no apartado 7.A desta FEC.

#### **1.- Requisitos para a presentación da documentación da Memoria técnica:**

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 40 páxinas en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todas as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.
- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente a Memoria Técnica (MT)

#### **2.- Requisitos para a presentación da documentación da Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato:**

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 4 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



20 páxinas en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento teranse en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.

- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente ao Equipo adscrito á Obra (ET).

**4º. VALORACIÓN DAS OFERTAS:**

A continuación preséntase valoración de cada un dos apartados tendo en conta as consideracións expostas anteriormente:

Revisión dos requisitos establecidos para a presentación da documentación do sobre "B"

NOME EMPRESA	DESCRIPCIÓN	MB	Nº PÁXINAS	TAMAÑO FOLLA
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	MEMORIA TÉCNICA:	1,4MB	39	Non cumpre
	MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:	697,8kB	13	cumpre
AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	MEMORIA TÉCNICA:	3MB	40	cumpre
	MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:	1MB	20	cumpre
ATENEA, S.A.U.	MEMORIA TÉCNICA:	1,8MB	30	cumpre
	MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:	1,5MB	19	cumpre
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.	MEMORIA TÉCNICA:	669,2kB	20	cumpre
	MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:	194,2kB	4	cumpre
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	MEMORIA TÉCNICA:	2,9MB	36	cumpre
	MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:	563,3kB	16	cumpre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 5 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**A.1.- MEMORIA TÉCNICA: valorarase con ata 60 puntos (PT1), que se distribuirán nos seguintes subpartados**

a) Análise do ámbito do traballo e os condicionantes da execución das obras e da contorna, con incidencia na coordinación da seguridade e saúde, que afecten ao seu desenvolvemento: **valorarase con ata 30 puntos.**

**APPLUS NORCONTROL, S.L.U.**

O licitador presenta a Memoria técnica nun arquivo dixital de 39 follas e 1,40 MB, sen embargo presenta un tamaño de folia maior ao formato DIN A4, polo que non cumpre coas especificación recollidas nas FEC para este apartado.

A memoria comenza sinalando o obxecto do documentos, antecedentes e documentos de referencia.

A continuación expón o alcance dos traballos tendo en conta os tres grandes grupos nos que se enmarcan os traballos da contrata (vixilancia, mantemento viario e estruturas e actividades programadas)

Fai un resume das particularidades preventivas e puntos críticos que poden emanarse dos traballos, en base a experiencia do licitador. Aspectos aos que prestar especial atención desde o punto de vista da prevención da seguridade dos traballos, tendo en conta os traballos de sinalización da obra, interferencia con servizos afectados, movemento de terras-excavacións, estruturas, risco de caídas en altura,...etc.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:**

Presenta con detalle a análise do ámbito do traballo e as actuacións mais relevantes, obxecto de análises posterior dende unha perspectiva da coordinación: sinalizacións, movemento de terras-excavacións, estruturas, risco de caídas en altura,...etc , detectando problemas existentes e propoñendo solucións, medidas preventivas e proteccións.

Sen embargo identifica de forma escasa os condicionantes da execución das obras con incidencia na coordinación da seguridade e saúde.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de 21,00 PUNTOS, pero tendo en conta o incumprimento dos requisitos de presentación da documentación xa indicada, a puntuación redúcese un 30%, sendo esta **14,70 PUNTOS**

**AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.**

O licitador presenta a Memoria técnica nun arquivo dixital de 40 follas e 3 MB polo que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 6 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado.

A memoria desenvolve a proposta indicando un índice con apartados e subapartados seguindo o esquema de contidos recollidos nas FEC.

Inicialmente fai unha introdución xeral do obxecto do documento, traballos contemplados no contrato, estruturas do término municipal, rede viaria municipal,...etc.

Expón un análise do ámbito de actuación e condicionantes de execución dos traballos e do entorno. Destacando o coñecemento e análises dos procesos construtivos (replanteos, demolicións, escavacións, canalizacións, sinalizacións, ..etc) e coñecemento e avaliación específica de riscos laborais (contactos eléctricos, golpes e cortes por obxectos e ferramentas, caída de obxectos, caídas a distinto e miso nivel, queimaduras,...etc). Identifica puntos críticos en materia de seguridade e saúde das actividades sinaladas, e analiza como deben executarse as actividades para previr incidencias ademais de sinalar acción orientadas a influír sobre o factor humano dende a sensibilización, dende a formación, accións orientadas a mellorar a seguridade da maquinaria, a sinalización,...etc.

#### XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:

Presenta con alto grado de detalle a análise do ámbito do traballo e as actuacións mais relevantes, obxecto de análises posterior dende unha perspectiva da coordinación: demolicións, escavacións, traballos con risco eléctrico, caídas en altura, ...etc, detectando problemas existentes e propoñendo solucións, medidas preventivas e proteccións. unha exposición gráfica adecuada.

Sen embargo identifica de forma escasa os condicionantes da execución das obras con incidencia na coordinación da seguridade e saúde.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **22,00 PUNTOS**.

#### ATENEA, S.A.U

O licitador presenta a Memoria técnica nun arquivo dixital de 30 follas e 1,8 MB polo que non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos, nas FEC para este apartado.

A memoria desenvolve a proposta indicando un índice con apartados e subapartados seguindo o esquema de contidos recollidos nas FEC.

Inicialmente fai unha introdución xeral da empresa describindo o ámbito xeográfico, sector de actividade, e as funcións e obrigacións do coordinador de seguridade e saúde...etc.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 7 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A continuación realizase unha análise do ámbito de actuación e condicionantes de execución. Identifica unha serie de condicionantes que evidenciarán un risco asociado a súa propia execución, de acordo a súa complexidade dos proxectos construtivos o ben polos condicionantes do entorno onde se executan. Destacando entre estes condicionantes a interferencia e/ou interacción tanto co tráfico de vehículos como co tránsito de peóns, ..etc. Distingue e desenvolve as actuacións de seguridade en traballos de afirmado de viais e afeccións ó tráfico de vehículo, así como da seguridade en traballos de pavimentación de beirarrúas.

Por último analiza a problemática xeral da prevención de riscos laborais das actuacións, e identifica os puntos críticos relativos a seguridade e saúde dos traballadores. Así como recomendacións a considerar na supervisión.

#### XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:

Presenta con detalle a análise do ámbito do traballo. Identifica de forma escasa as actuacións mais relevantes, pero para cada unha destas actuacións identifica posíbeis solucións, obxecto de análises posterior dende un punto de vista de procedementos construtivos asociados, así como dende unha perspectiva de identificación de riscos e análises de medidas preventivas necesarias. Cunha exposición gráfica adecuada.

Identifica adecuadamente os condicionantes da execución das obras con incidencia na coordinación da seguridade e saúde, detectando problemas existentes e propoñendo solucións. Apoia a exposición con adecuada información gráfica que complementa os contidos.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil ATENEA S.A.U., a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **21,00 PUNTOS**.

#### INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.

O licitador presenta a Memoria técnica nun arquivo dixital de 20 follas e 669,2kB polo que non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos, nas FEC para este apartado.

Non presenta análise do ámbito do traballo nin condicionantes da execución das obras e da contorna, con incidencia na coordinación da seguridade e saúde, que afecten ao seu desenvolvemento.

#### XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., a puntuación deste apartado procedería outorgarlle unha valoración de **0,00 PUNTOS**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 8 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





### INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL

O licitador presenta a Memoria técnica nun arquivo dixital de 36 follas e 2,90 MB polo que non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado.

Inicialmente fai unha introdución xeral da empresa describindo finalidade da empresa, experiencia, aspectos fundamentais da proposta,...

Recole unha análise con especial atención aos traballos de coordinación de seguridade e saúde, facendo distinción entre as actuacións previas aos traballos e actuacións durante a execución dos traballos.

O licitador adxunta exemplos dalgunhas das obras desenvolvidas en base á experiencia adquirida realizando a Coordinación de seguridade e saúde en obras deste tipo: mantemento de viais e estruturas, mantemento de Infraestruturas municipais programadas, Obras de emerxencia, control de explotación, etc.

A continuación resume a través de fichas técnicas, os aspectos preventivos máis relevantes de cada unha das unidades de obra máis significativas das obras a executar: sinalización de rúas, rozas, muros de mampostería, escavación de gabias, fresados, ...etc. Para cada un deles sinala os aspectos a considerar, situacións máis problemáticas a ter en conta e consideracións para o coordinador.

Por último a memoria recolle os condicionantes da execución dos traballos e da súa contorna, por exemplo condicionantes administrativos, urbanísticos, paisaxísticos, afeccións con elementos con amianto, celebración de actos lúdicos, rsu,...etc.

#### XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:

Presenta cun alto grado de detalle o análise do ámbito do traballo e as actuacións máis relevantes, obxecto de análises posterior dende unha perspectiva da coordinación: sinalización de rúas, rozas, muros de mampostería, escavación de gabias, fresados, ...etc. Cunha exposición gráfica adecuada.

Identifica adecuadamente os condicionantes da execución das obras e os condicionantes do entorno con incidencia na coordinación da seguridade e saúde. Apoia a exposición con adecuada información gráfica que complementa os contidos.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL, a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **25,00 PUNTOS**.

**b)** Proposta dos procedementos de traballo e de xestión documental a realizar para a coordinación da seguridade e saúde durante a execución das obras; planificación e organización dos mesmos en relación ós medios necesarios para a execución do contrato: **valorarase con ata 30 puntos**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 9 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**APPLUS NORCONTROL, S.L.U.**

A memoria desenvolve a proposta diferenciando entre a metodoloxía de traballo a utilizar e os medios materiais para a correcta realización dos traballos. Na metodoloxía de traballo diferencia entre Plan de Control e vixilancia da obra: Programa de traballos de Applus, actuación como coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, outras actuacións: Asistencia técnica e asesoramento e elaboración de informes de seguimento e investigación de accidentes.

A memoria inclúe o listado das actuacións a realizar por parte do Coordinador de seguridade e saúde así como a descrición de cada unha delas, indicando o contido dos documentos de cada unha delas. Inclúe as explicacións dos documentos, visitas, reunións, informes, estadísticas así como outras actuacións a realizar como asesoramento e asistencia técnica en PRL.

No referente a xestión documental, propón o uso de tabletas electrónicas para a toma de datos en campo. O promotor poderá en todo momento acceder á instalación de Applus, á documentación e os arquivos para supervisar o cumprimento do contrato. Dispón ademais de acceso á plataforma Salem de Lexislación en Medio Ambiente e PRL.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:**

Presenta unha correcta xustificación da metodoloxía utilizada e unha correcta proposta de procedementos de traballo a aplicar para a coordinación durante as diferentes fases das obras. Presenta unha planificación mensual dos traballos e engade medios materiais.

Non xustifica adecuada e suficientemente á forma e os medios para levar a cabo a xestión documental, para facilitar o traballo aos Coordinadores de Seguridade e Saúde, aos contratistas e a dirección facultativa.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de 19,00 PUNTOS, pero tendo en conta o incumprimento dos requisitos de presentación da documentación xa indicada, a puntuación redúcese un 30%, sendo esta **13,30 PUNTOS**

**AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.**

A memoria desenvolve a proposta indicando un índice con 2 apartados e varios subapartados en cada un deles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 10 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



No referente a traballos de coordinación detalla as principais actuacións na fase previa o inicio das obras, execución de obras, e recepción da obra. Diferencia entre obras con e sin proxecto e inclúe a descrición detallada de informes, reunións, visitas e documentación, indicando contido, frecuencias e prazos.

No referente a control da documentación do Contratista indica que non corresponde ao coordinador a revisión completa da documentación, sin embargo realizará auditorías puntuais da mesma.

En relación á xestión documental para a coordinación durante a execución, planificación e organización das obras, a memoria presentada propón o uso dunha aplicación para smartphones para a xestión documental e a realización de auditorías. Esta aplicación permite o promotor acceder á documentación a tempo real. Dispón ademais dunha plataforma virtual para a documentación do contratista.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:**

Presenta unha correcta xustificación da metodoloxía utilizada e unha correcta proposta de procedementos de traballo a aplicar, incorporando un alto grado de detalle nos mesmos, incluíndo o contido, prazos e actuacións a levar a cabo. Incorporará medios necesarios adecuados ó contrato para levar a cabo a xestión documental tanto na execución, planificación e organización das obras.

Pon a disposición do contrato a ferramentas, aplicacións informáticas de seguimento con todas as funcións que nela pódense desenvolver, e permitindo o acceso a documentación en tempo real. Incorpora ademais equipos de medición de rúidos e gases e vehículos para o desprazamento do persoal.

Todo isto con un desenvolvemento gráfico adecuado.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **27,00 PUNTOS**.

**ATENEA, S.A.U**

A memoria desenvolve a proposta indicando un índice con dous apartados e subapartados de forma clara, coherente e ben estruturado, seguindo o esquema de contidos recollidos nas FEC.

Inicia a memoria describindo de forma teórica as principais actuacións obxecto do contrato. A continuación describe os procedementos de traballo diferenciando entre fase de tramitación, fase de execución de obra ou prestación de servizos e fase final de seguimento da prestación de servizo e/ou execución de obras.

No referente a xestión documental, indica que ten plantillas de todos os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 11 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



procedementos e recursos informáticos para o seguimento das obras e da documentación online. O licitador comunica que ten implantada tamén unha aplicación cuxo obxectivo é proporcionar un entorno web que permita os clientes comunicarse coa mesma e ter actualizada toda a información asociada o desenrolo dos contratos. Respecto o control da documentación de contratistas e subcontratistas dispón dunha plataforma web para a xestión da mesma.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:**

Presenta unha correcta xustificación da metodoloxía utilizada e unha correcta proposta de procedementos de traballo, cun grado de detalle dos mesmos suficiente. Incorporará medios necesarios adecuados ó contrato para levar a cabo a xestión documental tanto na execución, planificación e organización das obras. Todo isto con un desenvolvemento gráfico adecuado.

Pon a disposición do contrato aplicacións informáticas de seguimento do traballo e o control e xestión documental, detallando adecuadamente o funcionamento das mesmas.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil ATENEA, S.A., a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **26,00 PUNTOS**.

**INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.**

A memoria recolle unha descrición xeral dos procedementos de traballo a realizar por parte do coordinador de seguridade e saúde, diferenciando entre traballos previos o comezo das obras, durante a execución das mesmas e ó finalizar, listando as actuacións recollidas nestas fases. Inclúe a descrición das actuacións en caso de accidente, a descrición das visitas, informes, actividades de coordinación e asesoramento técnico.

No referente a xestión documental a empresa dispón dun acordo cunha empresa de xestión documental para a identificación dos requisitos legais aplicables. Dispón tamén dunha aplicación informática vía web a disposición do promotor para a coordinación das actividades empresariais. A aplicación poderá ser utilizada para o acceso á documentación tanto dende o ordenador como dende unha APP móbil.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBPARTADO:**

Non xustifica adecuada e suficientemente a a adaptación da metodoloxía utilizada e unha correcta proposta de procedementos de traballo a aplicar. Incorporará medios necesarios adecuados ó contrato para levar a cabo a xestión documental tanto na execución, planificación e organización das obras.

Pon a disposición do contrato a ferramentas, aplicacións informáticas de seguimento con todas as funcións que nela pódense desenvolver.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 12 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



O desenvolvemento gráfico non se considera suficiente.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **17,00 PUNTOS**.

### INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL

A memoria recolle tras unha breve presentación da empresa, a metodoloxía xeral de desenrolo de traballos en materia de Coordinación de seguridade e saúde diferenciando entre actuacións previas o comezo dos traballos, durante a execución e finalización das obras.

A memoria no referente a xestión documental, a memoria describe o software utilizado para a xestión e o seguimento das obras, sendo este un software propio. Para optimizar o traballo dos técnicos e facilitar o seguimento por parte do promotor propón distintas ferramentas informáticas propias: GIO, GIC I+DOC CAE,..etc. Os técnicos da dirección de obra tenderán permanente acceso telemático a través do portal web da empresa a todas as aplicacións así como o resto de ferramentas informáticas propostas. Propón tamén a utilización dun libro de incidencias electrónico, podendo realizar os documentos a través dunha APP ou via web.

#### XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:

Non xustifica adecuada e suficientemente a a adaptación da metodoloxía utilizada e a proposta de procedementos de traballo a aplicar para a coordinación ó obxecto do contrato.

Incorporará medios necesarios adecuados ó contrato para levar a cabo a xestión documental tanto na execución, planificación e organización das obras. Todo isto con un desenvolvemento gráfico adecuado. Expón a existencia de ferramentas, programas, e plataforma web de seguimento, pero non describe nin xustifica suficientemente á forma e os medios para levar a cabo a xestión documental. Inclúe apartados que contén aspectos contraditorios en relación co proxecto.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL , a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **15,00 PUNTOS**.

#### A.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO: valorase con ata 40 puntos

### APPLUS NORCONTROL, S.L.U

O licitador presenta a Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 13 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



nun arquivo dixital de 13 follas e 697,8kB, polo que non supera os límites máximos de peso, extensión e tamaño de folia recollidos nas FEC para este apartado.

A memoria desenvolve a proposta indicando un índice con 4 apartados: “Número de persoas destinadas á execución dos traballos e características”, “Incremento dos recursos humanos mínimo”, “Dedicación ó contrato e propostas de persoal a integrar no servizo” e “Idoneidade e funcións para a realización dos traballos de cada recurso humano proposto”.

Para o desenvolvemento do servizo, o licitador propón un equipo multidisciplinar no que ademais do Coordinador de Seguridade e saúde esixido nos pregos, incorpora un incremento de persoal: delegado do contrato, persoal administrativo, asesoría técnica e xurídica,...

No apartado cuarto, indica a idoneidade e funcións de cada un dos responsables indicados así como a experiencia e cualificación.

Por último expón un organigrama que resume a organización xeral dos medios previstos para a execución do traballo.

#### XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:

A proposta describe un organigrama adecuado do equipo de recursos humanos adscritos a este proxecto, e identifica a cada un dos membros do equipo de traballo, indicando a dedicación, cualificación e formación de cada un deles e tamén dos equipos de apoio multidisciplinar. Recolle un cadro resumen coa dedicación estimada, experiencia, funcións, afección á empresa, características adicionais,...

Indica cun alto grado de detalle os traballos e funcións a levar a cabo de cada un dos técnicos propostos o contrato, motivada pola súa experiencia e cualificación e acorde a obra.

En xeral, todo o equipo humano proposto a este proxecto conta con ampla experiencia en ramas de actividade directamente relacionadas có obxecto do contrato.

Presentan unha cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar: Delegada do consultor, enxeñeira de Montes, Técnico superior en prevención de riscos laborales (3 especialidades y formación en coordinación de seguridade e saúde con 14 anos de experiencia; Un coordinador de seguridade e saúde, enxeñeiro de Minas, Técnico superior en prevención de riscos laborais (3 especialidades y formación específica en coordinador de seguridade e saúde con 12 anos de experiencia; un asesor en materia de coordinación de seguridade e saúde en obras infraestruturas y en prevención de resgos laborais con 17 anos de experiencia, ...etc.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U, a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **36 PUNTOS**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 14 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





**AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.**

O licitador presenta a Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos nun arquivo dixital de 20 follas e 1MB polo que non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado.

O licitador presenta un equipo humano multidisciplinar especializados na materia do contrato. Ademais do coordinador de seguridade e saúde exixido nos pregos, incorpora un incremento de persoal: equipo técnico de apoio , equipo de administración e equipo de calidade e medioambiente.

Recolle nunha táboa con resumen do persoal proposto e dedicación, indicando para cada un deles, nome, titulación, experiencia, situación na empresa, actividade, dedicación (mínima exixida e proposta), ..etc. Ademais adxunta un organigrama completo.

A continuación recolle a xustificación da necesidade e idoneidade de este equipo, así como as funcións da Coordinadora de seguridade e saúde.

Por ultimo, anexa as reseñas curriculares de cada un do persoal proposto, así como as cartas de colaboración do persoal colaborador externo.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:**

A proposta describe un organigrama adecuado e completo do equipo humano, integrado por persoas con gran experiencia e formación, adaptando o equipo ao obxecto do contrato. Recolle un cadro resumen coa dedicación estimada, experiencia, funcións, afección á empresa, características adicionais,...

Recolle correctamente as principais funcións da Coordinadora de Seguridade e saúde, así como do coordinador de apoio.

En xeral, todo o equipo humano proposto a este proxecto conta con ampla experiencia en ramas de actividade directamente relacionadas có obxecto do contrato.

Presentan cun alto grado de detalle a cualificación e formación a través do CV de cada un do persoal proposto. Esta considérase adecuada aos traballos a realizar: Coordinadora de seguridade e saúde, Enxeñeira forestal, técnico superior en prevención de riscos laborais nas tres especialidades, curso de coordinador de seguridade e saúde con 18 anos de experiencia; Coordinador de apoio, enxeñeiro de minas, técnico superior en prevención de riscos laborais nas tres especialidades, curso de coordinador de seguridade e saúde con 7 anos de experiencia; Equipo técnico de apoio con enxeñeiros de camiños, canles e portos, arquitecto, topógrafo, delineante,...etc.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **36 PUNTOS**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 15 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**ATENEA, S.A.U**

O licitador presenta a Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos nun arquivo dixital de 19 follas e 1,5 MB, polo que non supera os límites máximos de peso, extensión e tamaño de folia recollidos nas FEC para este apartado.

A memoria recolle un organigrama nominal do equipo de recursos humanos, plasma a organización prevista, así como a interrelación entre todas as figuras que, previsiblemente, intervirán no desenvolvemento do contrato. Indicando titulación, posto, e dedicación para todos, así como experiencia e formación para os Coordinadores de Seguridade e Saúde. Incluindo ademais do Coordinador de Seguridade e Saúde, persoal complementario como coordinadores de seguridade e saúde adicionais, persoal administrativo, xurídico, especialistas infraestruturas viarias,..etc.

Inclúe títulos do coordinador de seguridade e saúde, o seu CV con información detallada da formación académica, formación complementaria, experiencia laboral, relación de traballos recentes,..etc.

Recole por último, medios materiais para o desenvolvemento do servizo.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:**

A proposta describe un organigrama claro do equipo de recursos humanos adscritos a este proxecto, e identifica a cada un dos membros do equipo de traballo, indicando a dedicación, posto e formación de cada un deles.

Non presenta indicación suficiente das funcións de cada cargo, motivada pola súa experiencia e cualificación e acorde a obra.

Xustifica adecuadamente, para o Coordinador de seguridade e saúde a experiencia requirida nas FEC en proxectos de similares características.

Todos eles teñen unha cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar: Coordinador de Seguridade e saúde con mais 15 anos de experiencia, Enxeñeiro Técnico Forestal, Título de Técnico de Superior de Prevención de riscos laborais nas tres modalidades e Título de Coordinador de seguridade e saúde en obras de construción, mais un equipo complementario con formación en materia de prevención de riscos laborais.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil ATENEA, S.A.U, a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **32 PUNTOS**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 16 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.**

O licitador presenta a Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos nun arquivo dixital de 4 follas e 194,2kB, polo que non supera os límites máximos de peso, extensión e tamaño de folla recollidos nas FEC para este apartado.

Na memoria expón dos apartados diferenciados dos medios necesarios para a organización dos traballos a realizar no contrato, por un lado sinala os medios materiais ou equipos, e por outro os medios humanos que propón o licitador. Propón dos técnicos superiores, enxeñeiro industrial e arquitecto.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:**

Non presenta indicación suficiente das funcións de cada profesional, nin inclúe organigrama con indicación do equipo humano a intervenir no contrato. Inclúe para os dos técnicos propostos, títulos, formación e experiencia, sen embargo non presenta xustificación e acreditación da experiencia en proxectos similares nin da cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **4 PUNTOS**.

**INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL**

O licitador presenta a Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos nun arquivo dixital de 16 follas e 563,3 kB polo que non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado.

Indica unha presentación da empresa, recollendo a misión, valores, servizos, situación das delegacións, descrición xenérica dos profesionais (formación, experiencia,...etc).

A continuación expón os datos básicos dos técnicos que compoñen o equipo proposto para o presente contrato, para despois analizar con mais detalle o organigrama, onde se inclúe dedicación, experiencia, títulos,...etc, Este equipo técnico proposto depende da dirección do contrato, e esta composto por un delegado do contrato, dous Coordinadores de seguridade e saúde (un titular e un de apoio),

Ademais, inclúe como apoio un equipo de Asistencia técnico-xurídica especializada en prevención de resgos laborais, equipo de auditoría e control de calidade, soporte informático e soporte administrativo.

**XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE SUBAPARTADO:**

A proposta describe un organigrama claro, coherente e detallado do equipo de técnico proposto, identificando a cada un dos membros do equipo de traballo e indicando a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 17 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



experiencia, dedicación, cualificación e formación de cada un deles, ademais dunha táboa de apoio.

Indica adecuadamente as funcións a levar a cabo tanto da delegada do consultor como dos coordinadores de seguridade e saúde , motivada pola súa experiencia e cualificación e acorde a obra.

En xeral, todo o equipo humano adscrito a este proxecto conta con ampla experiencia en ramas de actividade directamente relacionadas có obxecto do contrato.

E todos eles coa cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar: Coordinador de Seguridade e saúde con mais de 5 anos de experiencia, Enxeñeiro de Minas e título de Técnico de Superior de Prevención de riscos laborais nas tres modalidades. Un Coordinador de apoio con mais de 5 anos de experiencia, Enxeñeira de Minas e título de Técnico de Superior de Prevención de riscos laborais nas tres modalidades. Unha delegada do consultor con 15 anos de experiencia, Enxeñeiro de camiños, canles e portos e título de Técnico de Superior de Prevención de riscos laborais nas tres modalidades, mai un equipo xurídico., calidade, ..etc.

De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL, a puntuación deste apartado procede outorgarlle unha valoración de **34 PUNTOS**.

**RESUMEN DAS PUNTUACIÓNS:**

EMPRESAS	MEMORIA TÉCNICA (PT1)		MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO (PT2)
	a)	b)	
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	21.00	19.00	36.00
AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	22.00	27.00	36.00
ATENEA, S.A.U.	21.00	26.00	32.00
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.	0.00	17.00	4.00
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	25.00	15.00	34.00





Puntuación total sen ter en conta os descontos de puntuación por incumprimento dos requisitos de presentación dixital das memorias.

EMPRESAS	Puntuación TOTAL (PT)
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	76,00
AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	85,00
ATENEA, S.A.U.	79,00
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.	21,00
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	74,00

**NON SUPERA UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN**

EMPRESAS	MEMORIA TÉCNICA (PT1)		MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO (PT2)
	a)	b)	
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	14.70	13.30	36.00
AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	22.00	27.00	36.00
ATENEA, S.A.U.	21.00	26.00	32.00
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.	<b>NON SUPERA UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN</b>		
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	25.00	15.00	34.00

**PUNTUACIÓN UN 30% MENOS POR INCUMPRIMENTO DE REQUISITOS DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN**





EMPRESAS	Puntuación TOTAL (PT)
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	64,00
AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	85,00
ATENEA, S.A.U.	79,00
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.	<b>Proposta de exclusión por non superar umbral mínimo de puntuación</b>
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	74,00

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

**Vigo, na data da sinatura electrónica**

**Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.**

**Begoña Arranz González, Enxeñeira Industrial.**

**María del Carmen Pazos Area, Técnico de Administración Xeral.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/05/2022 08:58	Páxina 20 de 20
839-441	CSV: ADA4A6-E6E4E4-38328B-XXS1T7-CNLFT4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		